



# A: E

Asociación  
Boirense de  
Empresas

# 2024



## MEMORIA DE ACTIVIDADE





**MEMORIA ACTIVIDADE**

**2024**

PREMIO ABE - MELLOR C

PREMIO ABE DE HONRA 2024

PREMIO A

**ABE**

# ÍNDICE

4

Introducción

5

Organización

6

Actividades

25

Destacados do ano

26

Datos

28

Empresas asociadas

31

Web, fidelización e RRSS

32

Fitos e retos

# INTRODUCCIÓN

---

Hai 37 anos que un grupo de empresas fundaron a que hoxe é a Asociación Boirense de Empresas, unha asociación multisectorial que representa a 207 negocios de Boiro e contorno.

No ano 2005 deuse un paso adiante na profesionalización da entidade ao crearse o centro comercial aberto de Boiro que a día de hoxe conta con tres galardóns nos premios nacionais de comercio.

Actualmente está integrada en diferentes entidades entre as que destacan as redes Redic e Eusumo da Xunta, o observatorio económico da cámara de comercio ou o consello escolar de Boiro e máis recentemente no pacto polo clima da Xunta e o pacto pola xeración dixital do Goberno de España.

As funcións principais da entidade son a representación e defensa dos intereses dos membros do colectivo, a promoción do tecido empresarial da localidade e a prestación de servizos ás empresas asociadas.

Neste último apartado destaca a tramitación de subvencións, sendo unha das poucas asociacións a nivel nacional que presta este servizo e cunha porcentaxe de éxito de máis do 90%.

Entre as actividades de promoción destacan o Pecha Kucha, que cumpriu a súa 10ª edición, as noites abertas, que son un clásico de Boiro, e que atraen a miles de visitantes, ou mesmo os premios ABE, nos que cada ano as empresas asociadas escollen entre os seus compañeiros aos gañadores e cuxa gala xa é un clásico anual ao que acoden máis de 150 convidados.

Destacar a implantación dun sistema de fidelización feito a medida que resultou un éxito sen precedentes neste tipo de sistemas, xa que actualmente conta con máis de 4.000 usuarios sobre unha poboación de Boiro que non chega aos 20.000 habitantes.

## ► MISIÓN

- Proporcionar ao empresariado as ferramentas, servizos, actividades e proxectos que lles axuden a mellorar os seus negocios.

## ► VISIÓN

- Servir mellor aos nosos socios para ser sempre relevantes na súa faceta profesional establecendo relacións duradeiras.
- Ser un referente no tecido empresarial da comunidade exercendo liderazgo.

## ► VALORES

- Innovación, colaboración, participación e traballo en equipo, liderazgo, integridade, responsabilidade e impacto social.

# ORGANIZACIÓN

## XUNTA DIRECTIVA

### PRESIDENTE

Daniel García

Baldani Concept Store

### VICEPRESIDENTE

Javier Caamaño

Mascolor Comunicación

### SECRETARIO

Santiago Cajaraville

Natisán Regalos y Decoración

### TESOUREIRO

Jesús Santamaría

A Pousada da Galiza Imaxinaria

### VOCAIS

Cristian Lago

The Gin Lab

Luis Sueiro

Logística Sueiro Trans

Oscar España

Construcciones España y Fernández

Fátima Treus

Princesas y príncipes

## EQUIPO TÉCNICO

### XERENCIA

Tomás Estévez

Licenciado en ADE

### ADMINISTRACIÓN

María José Piñeiro

Técnico superior en Admin. e Finanzas

## PROXECTOS NOS QUE PARTICIPAMOS

### Redic



### Ruepps



### Rede Eusumo



### Rede de comercios no camiño



### Generación D



### Voluntariado dixital



### Alianza galega polo clima



### Turismo responsable



### Sello cultura y mecenazgo



# ACTIVIDADES REALIZADAS

---

A ABE PARTICIPA NUNHA REUNIÓN  
COA CONSELLEIRA DE ECONOMÍA E O  
DIRECTOR XERAL DE COMERCIO

*\_ Xaneiro*

---



O encontro foi dirixido polo Director Xeral de Comercio, Manuel Heredia, e asistiu a conselleira de Economía, Industria e Innovación, María Jesús Lorenzana. A ABE participou representada polo seu xerente, Tomás Estévez.

A xuntanza serviu para coñecer as liñas de axudas para o sector, propoñer melloras e poñer en valor as cifras actuais do sector do pequeno comercio en Galicia.

---

ABE E CRCC IMPULSAN A PROBA DE  
REMO CONTRA O RELOXO  
#SOMOSBOIRO *\_ Xaneiro*

---



Sorteáronse dous premios, un pack afeccionado do CRCC e 1 bono ABE de

50€ e o sábado 27 de xaneiro no campo de regatas celebrouse o concurso de remo con 150€ en premios para os máis rápidos.

---

CAMPAÑA DE SAN VALENTÍN “O  
AGASALLO CORRE DA NOSA CONTA”

*\_ Febreiro*

---



Sorteouse un bono ABE de 100€ que recaeu en Angela Outeiral.

Rexistráronse 1031 tickets de compra.

---

A ABE COLABORA CO GOBERNO DE  
ESPAÑA NA POSTA EN MARCHA DA  
PLATAFORMA COMERCIO  
CONECTADO *\_ Febreiro*

---



Unha iniciativa innovadora que crea un espazo pensado para servir de punto de encontro ao comercio minorista de toda España.

A ABE foi a primeira entidade do país en formalizar a alta na mesma o 25 de novembro de 2023.

---

---

FINALIZADO O PROGRAMA  
ESPECIALIZADO EN FERRAMENTAS  
DE MARKETING DIXITAL PARA A PEME  
\_ *Febreiro*

---



O programa impartíuse durante 6 xordanas de 8 horas na aula de formación multimedia da ABE.

Cada área temática impartíuse por docentes de prestixio como Gonzalo Garré, Carlos Otero, ou Javier Varela.

A acción formativa contou coa financiación da Unión Europea a través do plan next generation do Goberno de España e do Concello de Boiro.

---

A ABE BATE TODOS OS RECORDS DE  
PREMIOS ENTREGADOS CO SEU  
SISTEMA DE FIDELIZACIÓN  
\_ *Marzo*

---



No primeiro trimestre do ano entregáronse 138 premios do catálogo de puntos. Entre eles 123 bonos ABE por un valor de 615€. Nesta data hai 2725 usuarios activos e 35582 tickets rexistrados.

---

CAMPAÑA DO DÍA DO PAI EN BOIRO  
\_ *Marzo*

---



Sorteáronse 2 bonos ABE de 50€ que recaeron en Maria Luz Silva e Raquel Piñeiro

Rexistráronse 1387 tickets de compra.

As persoas gañadoras poderán utilizar os bonos en calquera dos 208 negocios asociados

---

I CONCURSO DE CARTEIS ESCOLAR  
"SOMOS BOIRO"  
\_ *Marzo*

---



O tema do cartel estaba relacionado co fomento do consumo local.

Os traballos gañadores protagonizaron a campaña de promoción local da ABE deste ano e recibiron un bono ABE de 30€ para gastar nos negocios asociados.

O concello de Boiro organizou unha exposición cunha selección dos mellores traballos presentados.

Dada a calidade dos traballos presentados, o xurado decidiu engadir un premio especial a maiores dos incluídos nas bases.

Ao concurso presentáronse máis de mil traballos de escolares de 9 centros educativos de Boiro.



## NOVO CATÁLOGO DE PREMIOS DO SISTEMA DE FIDELIZACIÓN \_ Abril



Conta con 9 agasallos entre os que se inclúen os bonos ABE e activouse no mes de abril.

Durante o primeiro ano entregáronse máis de 400 premios a clientes.

Estreouse tamén un boletín de novas co que os subscritores terán vantaxes exclusivas como a participación nun sorteo bimensual de 50€ e bonos ABE

Na presentación participou o DXC, Manuel Heredia, que destacou ABE “como exemplo de bo facer dentro dos Centros Comerciais Abertos de Galicia”

## II EDICIÓN DA CAMPAÑA BONOS NEGOCIOS 10 \_ Marzo



Puxéronse á venda 200 caixas con valor de 50€ que ao cliente só lle custaron 40€

Os clientes deberon utilizar os bonos #negocios10 antes do 30 de abril coa intención de incentivar as compras neses meses de poucas vendas.

## CAMPAÑA DÍA DA NAI \_ Abril



Sorteáronse 2 bonos ABE de 50€ que recaeron en Teresa Fidalgo e Ángela Sende.

Rexistráronse 1889 tickets de compra.


As persoas gañadoras poderán utilizar os bonos en calquera dos 208 negocios asociados

---

## EMPRESAS DE BOIRO COÑECEN AS VANTAXES DO KIT DIXITAL

*\_ Abril*

---



O taller foi organizado pola oficina acelerapyme de A Coruña que ademais de encargarse da información e difusión do kit dixital ofrece ás empresas servizos gratuítos de apoio e asesoramento en transformación dixital.

ABE, dende o inicio do programa en 2022 realizou unha intensa labor de información e difusión con 11 circulares informativas enviadas, 2 charlas informativas e numerosos post en redes sociais.

Esta labor informativa traducíuse en 68 asesoramentos personalizados, 25 auto diagnósticos de madurez dixital e 17 solicitudes de axudas, das cales concedéronse o 100% cun importe medio de 2.500€ por expediente.

---

## O PEQUENO FAINOS GRANDES

*\_ Abril*

---



Os protagonistas foron os 9 debuxos gañadores do I concurso de carteis escolares SOMOS BOIRO.

Dende o 9 de maio puideron verse polas rúas de Boiro en diferentes soportes.

Os clientes dos negocios asociados elixiron o seu cartel favorito e participaron no sorteo de 3 lotes de agasallos. Os 3 carteis máis votados recibiron o mesmo premio.



En paralelo sorteáronse outros 3 packs verán entre os 3.369 tickets rexistrados entre o 9 de maio e o 16 de xuño.

---

## 10º ANIVERSARIO DO FÁLAME SEMPRE \_ *Abril*

---

A edición especial polo 10º aniversario, no que se presentou un vídeo e unha publicación conmemorativa, conseguiu un cheo total no salón de actos da patronal Boirense

O público que asistiu ao acto recibiu unha bolsa coa publicación e unha camiseta conmemorativa do evento.

Os 5 poñentes tiveron pouco máis de 6 minutos para explicar a súa experiencia baixo o formato pecha kucha




*Foi no inverno de 2012, case por casualidade, e sen saber o potencial que tería no futuro, cando a ABE organizou o primeiro Pecha Kucha Boiro. Fíxose no salón de actos, que daquela non estaba amoblado, e naceu como o fan moitas cousas bonitas, con ilusión e poucos medios.*

*Daquel primeiro evento, nos queda no recordo Manuel Lou co seu "arjaso", e sobre todo, os moitos amigos que nos acompañaron e que dende aquela son fieis seguidores.*

*Agora que celebramos o 10º aniversario, podemos dicir con orgullo, que a aposta pola idea de que a conxunción de cultura e empresa pode favorecer a creación de iniciativas sostibles e rentables, foi acertada, e para elo só temos que repasar o listado de convidados ao longo destes anos.*

*Para todos eles o noso máis sincero agradecemento, ao igual que ao concello de Boiro, por apoiar sempre a iniciativa e a todos vós que cada ano nos acompañades nunha das citas ineludibles da comunidade cultural e empresarial Boirense.*

*Por 10 anos máis!*



---

A ABE RECIBE O DIPLOMA DO  
ACCÉSIT DO PREMIO NACIONAL DE  
COMERCIO 2023 \_ Maio

---

ABE recibiu do *Ministerio de Economía, Comercio y Empresa* o diploma co accésit ao Premio Nacional de Comercio 2023, que estaba por entregar.

Recordar que este é o 3º galardón da ABE nos premios nacionais xunto coa mención especial de 2015 e o accésit de 2019.



---

A ABE XA FORMA PARTE DO MAPA DE  
EMPREDAMENTO DA XUNTA DE  
GALICIA \_ Maio

---

Unha iniciativa que trata de reunir a todas as entidades, axentes, redes e recursos de Emprendemento existentes na comunidade autónoma de Galicia.



**Actualmente son 169 as entidades que forma parte deste mapa e a ABE é a primeira patronal de Galicia en ser admitida.**

O portal permite ás persoas emprendedoras localizar entidades da súa contorna, buscar apoio para proxectos e recibir información sobre programas de Emprendemento.

---

MILES DE PERSOAS ACUDEN Á NOITE  
ABERTA DE BOIRO  
\_ Xuño

---



Descontos durante todo o día, sorteos, agasallos, sorpresas e animación de rúa foron os ingredientes da cita.

Entregáronse centos de premios para o verán na ruleta da sorte da ABE.

Os máis cativos da casa disfrutaron cos inchables e coa animación infantil

---

450 CLIENTES DOS NEGOCIOS DE  
BOIRO XA SE ADHERIRON AO BOLETÍN  
DE NOVAS \_ Xuño

---



O pasado mes de abril, a ABE presentaba as novidades do seu sistema de fidelización, entre as que destacaba a posta en marcha dun boletín de novas ao que poden subscribirse os clientes para estar ao tanto das promocións e actividades que organiza a asociación.

Ademais, entre as vantaxes de permanecer subscrito, figuran o acceso exclusivo a sorteos e promocións, como un sorteo bimensual de 50€ entre os subscritores.

---

PLENO DE AXUDAS CONSEGUIDAS  
PARA OS SOCIOS DE COMERCIO  
\_ Xullo

---



A ABE acadou un pleno, xa que as 7 solicitudes realizadas a outros tantos comercios acadaron a axuda solicitada.

En total, foron máis de 35.000€ os que recibiron os beneficiarios, cunha inversión total superior aos 80.000€.

As axudas serven, entre outras cousas, para a implantación de webs de venda online, mellora das ferramentas de posicionamento, xestión de redes sociais ou mellora da imaxe dixital e a loxística comercial.

---

A CAMPAÑA QUINCENAS  
FANTÁSTICAS CONSEGUE UN NOVO  
RECORD DE PARTICIPACIÓN  
\_ Agosto

---



Sorteáronse 1.000 € en vales de compra. Os 1.699 rexistros da primeira quincena, supoñen un novo récord da campaña respecto do mesmo período do ano pasado, superando os 670 da edición de 2021, os 1.015 da edición de 2022 e os 1.581 da de 2023, que ata hoxe tiña o récord do período.

Os 1.889 rexistros da segunda quincena, supoñen un novo récord da campaña respecto do mesmo período do ano pasado superando os 515 da edición de 2021, os 1.169 da edición de 2022 e os 1.525 da de 2023. Tamén é o récord absoluto de todas as quincenas dende que comezou a campaña.

---

ÉXITO DE VISITANTES NA SEGUNDA  
EDICIÓN DE FORA STOCKS BOIRO  
\_ Agosto

---



Os negocios asociados á patronal Boirense ofreceron centos de produtos a prezos de liquidación durante toda a fin de semana .

Maria Dolores Miguéns foi a gañadora do premio de 1000€.



A festa infantil situada na praza de Galicia estivo ategida de cativada



O fin de festa correu a cargo da banda tributo ao último da fila.



---

CAMISETA SOLIDARIA SOMOS BOIRO  
\_ Setembro

---



O presidente da ABE, Daniel García, fixo entrega ao presidente da agrupación local de cruz vermella en Boiro, Julio García, unha doazón de 100€ correspondente á venda das camisetas solidarias somos Boiro.

A iniciativa promovida pola ABE, tivo lugar na campaña Fora Stocks Boiro na que se puxo á venda unha edición limitada de 50 camisetas e das que se destinou 2€ de cada unha delas a fins solidarios.

Nesta ocasión a entidade destinataria da doazón foi Cruz Vermella Boiro coa que a ABE ten un acordo de colaboración e como indicou o seu presidente “estes fondos destinaranse a completar as accións que estamos desenvolvendo de cara á volta ao cole das familias máis necesitadas da localidade”

O importe doado destinouse a mercar material escolar para a volta ao cole.

---

REGALAMOS 100 PARAUGAS NA  
CAMPAÑA PUNTAZO VOLTA AO COLE  
\_ Setembro

---



O puntazo ABE é unha campaña que está vinculada ao sistema de fidelización por puntos. A partir do 10 de setembro, os clientes que contaban con 100 puntos acumulados puideron utilizalos para conseguir un agasallo exclusivo, un estupendo paraugas extra grande de 12 varas.

---

AS EMPRESAS ASOCIADAS APROBAN  
POR UNANIMIDADE A MODIFICACIÓN  
DE ESTATUTOS E O CAMBIO DE  
DENOMINACIÓN DA ENTIDADE  
\_ Outubro

---



Aproveitouse para actualizar os fins sociais incluíndo temas relativos a Tics, Emprendemento, Igualdade ou Medio ambiente, que antes non se recollían, ou aspectos do día a día, como que as xuntanzas se poidan realizar online, que, como vimos na pandemia, ás veces son necesarias.

Como indicou o presidente Daniel García “o que máis ilusión non fai como directivos da ABE é que a asemblea aprobara o cambio de denominación da asociación cara un máis inclusivo, e que reflexe e represente ás moitas mulleres empresarias que están asociadas (preto do 45%)”

A nova denominación da patronal de Boiro será ASOCIACIÓN BOIRENSE DE EMPRESAS - CENTRO COMERCIAL ABERTO DE BOIRO, e o acrónimo seguirá sendo ABE.

“un pequeno cambio pero moi significativo, xa que a asociación será unha vez máis pioneira, nesta ocasión, en inclusión e igualdade ”

---

CAMPAÑA DE HALLOWEEN

---



Sorteáronse 5 lotes de agasallos compostos por smartwatch, altavoz dixital, termo e paraugas.

Rexistráronse 397 tickets de compra.

---

JOSÉ OTERO, GASTROLAB AROUSA E  
GRUPO JJ CHICOLINO, PREMIOS ABE  
2024 \_ Novembro

---

A Pousada da Galicia Imaxinaria foi o lugar elixido para celebrar a sétima edición da gala dos premios ABE, uns galardóns que recoñecen a labor das empresas asociadas da localidade e que congregaron a preto de 200 invitados, un novo récord de asistencia, que amosa, unha vez máis, o poder de convocatoria da patronal Boireense.



O evento, conducido polo cómico, actor, monologuista e presentador **Oswaldo Digón** desenvolveuse con ritmo áxil nun contexto desenfadado, no que o humor do condutor puxo a nota de cor á velada explicando anécdotas do seu pai “ **que era autónomo e sempre que saía da casa me recordaba que tiña que pedir os tickets** ”



O acto deu comezo co discurso de benvinda do presidente da ABE, Daniel García, que quixo comezar facendo balance do ano destacando “**os 9 novos**

**socios que se incorporaron á ABE” e amosouse especialmente orgulloso da xestión de axudas e subvencións para os socios que “traducíronse nun importe de axudas de 295.000€ e unha inversión de 383.000€”**



“foi un orgullo obter por terceira vez un galardón nos Premios Nacionais de Comercio do Goberno de España. Accésit que nos coloca como a segunda mellor asociación de toda España tras Valencia, aos que lles quero trasladar ánimos polo momento que están vivindo”

“Fomos a primeira patronal en ser admitida no mapa de emprendemento da Xunta de Galicia, fixemos unha campaña de concienciación sobre o consumo local cos centros educativos na que participaron máis de 2.000 alumnos, foi o ano en que máis premios e de maior importe (10.100€) entregáronse aos clientes na historia da ABE, actualizamos o catálogo de premios e batemos o récord de usuarios (3.292) e de compras rexistradas (27.000 no que vai de ano)”

Neste punto o presentador tomou de novo a dirección do acto, e mesturando con contos, anécdotas e monólogos entregáronse os tres premios da noite.

En primeiro lugar o de mellor comercio que foi para **Gastrolab Arousa, o espazo gastronómico de Miguel Mosteiro, Chef seleccionado para representar a cociña galega na Expo de Milán 2015, CIIE Shanghai 2019 e FOODEX JAPAN 2020; relator en moitas das feiras gastronómicas máis prestixiosas do noso país: Alimentaria (Barcelona), Salón Gourmet (Madrid), Fórum Gastronómico (A Coruña), Fórum Gastronómico (Xirona), Gourmet Black Label (Pontevedra), Fórum Gastronómico (Santiago de Compostela), Conxemar (Vigo), Salimat (Silleda), FITUR (Madrid), Salón Náutico de Barcelona, etc.**



Recolleu o premio o equipo de traballo de Gastrolab, Socorro e Denís, xa que Miguel atopábase fora de Boiro, pero a patronal tiña preparada unha sorpresa, e gracias ao equipo técnico da Pousada da Galiza Imaxinaria realizouse unha conexión en directo por videochamada na que Miguel, proxectado na pantalla xigante, agradeceu o premio **“era unha ilusión tremenda recoller este premio e máis cando ven polos votos dos teus compañeiros, quero destacar a enorme labor que está realizando a ABE da man do equipo directivo e dos traballadores”**

para finalizar co xa emblemático lema da patronal **“somosboiro”**.

Angel Mariño de Cetárea Angel Mar foi o encargado de entregalo premio como gañador do pasado ano.



A continuación foi a quenda da mellor empresa, galardón que recaeu en **Grupo JJ Chicolino**, que con máis de 20 anos de experiencia, está formado por catro empresas que aportan todo tipo de solucións para os sectores industriais máis importantes como o mariño, o alimentario, etc.

Cada empresa ten produtos específicos e a interrelación entre eles permítenos ofrecer solucións complementarias, que, doutro xeito, obrigarían ao cliente a acudir a distintos provedores.



Recolleu o premio Juan José Fajardo Piñeiro, fundador do grupo, que tras agradecer o premio, e visiblemente emocionado, relatou como foron os inicio do grupo **“aproveitei a lúa de mel para facer negocio e miña dona aínda mo recorda”**

Relatou os inicios que foron “**difíciles e costou moito traballo poñer en marcha a primeira nave, xa que tiveron que mercar o terreo a 29 propietarios distintos, pero hoxe, o Grupo JJ Chicolino ten uns pilares sólidos, conta con diferentes liñas de negocio e estamos presentes en varias startup con posibilidades de crecemento**”

Os encargados de entregalo premio foron Jorge e Angel, os propietarios de Coaxial, empresa gañadora do premio o pasado ano.



Para a entrega do premio de honra, o presidente da ABE, volveu a subir ao escenario, e xunto co presentador fixeron un breve repaso á traxectoria do homenaxeado, que nesta edición recaeu en **José Otero Ares**, fundador en 1977 da empresa Boirense Electrodomésticos Otero (Grupo Cenor), unha empresa familiar que sempre estivo á vangarda da tecnoloxía e os mercados, cun local de 650 metros cadrados que permite ofrecer aos clientes un gran surtido de electrodomésticos, imaxe, informática e son para o fogar.



O presidente quixo destacar os motivos que levaron a que o premio recaera en José, “**pola súa contribución ao desenvolvemento económico do pobo, por levar ao fronte do negocio dende 1977, pola súa traxectoria empresarial nun dos comercios con máis tradición da localidade e pola súa capacidade de traballo, esforzo e adicación ao negocio.**”



Este foi o momento máis emotivo da noite, cando subiu ao escenario José Otero Arias para recoller o galardón de mans do presidente da ABE, Daniel García, que lle entrega o micro a un emocionado José, que aproveitou para “agradecer á ABE o premio e compartilo coa familia, traballadores, clientes, provedores e amigos dos que nos rodeamos durante tantos anos de traxectoria”



A gala continuou coa intervención do Alcalde de Boiro, que destacou “a labor da ABE na promoción económica do concello” e “o traballo dos premiados a prol da economía local”



E para finalizar, un divertidísimo monólogo de Oswaldo Digón que deu paso aos pinchos para rematar co concerto de Catuxa Salom.



---

## BLACK FRIDAY E NOITE ABERTA EN BOIRO\_ *Novembro*

---



Aínda que as condicións meteorolóxicas non foron as mellores, os resultados das promocións realizadas na noite aberta seguen a ser espectaculares, xa que, durante o venres e o sábado rexistráronse na web da ABE 631 tickets de compra, o que supón, de novo, bater todos os rexistros, na finde anterior foron 174 e na anterior 185 o que indica que os clientes valoraron positivamente o sorteo de 300€ en bonos que recaeu en:

**FINA RODRÍGUEZ SAMPEDRO - MODA TIN**

**ROSA M<sup>a</sup> RONQUETE VENTOSO-PAQUETERÍA JOSEFINA**

**CRISTINA MORA FERNÁNDEZ - ATLEET BOIRO - DEPORTES SR BALÓN**

En canto á chocolatada da tarde do sábado, cambiáronse 403 tickets de compra por chocolates con churros e as 300 bolsas dispoñibles para os clientes esgotáronse.

---

## A ABE EXECUTOU A CAMPAÑA DO NADAL MÁIS IMPORTANTE DA SÚA HISTORIA\_ *Decembro*

---

A ABE desenvolveu entre o 7 de decembro e o 5 de xaneiro a campaña con maior orzamento nos 36 anos de historia da entidade con case 25.000€

Baixo o lema “**Este nadal en Boiro todos os días teñen premio**” sorteáronse 100€ cada día da campaña, 30 días, 30 premios.

Nos 30 días que durou a campaña rexistráronse 6822 tickets de compra e o sábado 4 de xaneiro batéronse todos os récords de rexistros con 565 nun só día.



Os negocios participantes entregaron 5.000 bolsas de algodón orgánico, cun deseño especial do corazón de somos Boiro, en cores vermella e verde, de xeito gratuíto entre os seus clientes.



O sábado 21 de decembro, tivo lugar a recepción de Papa Noel á cativada de Boiro, e presentando un ticket ou factura de compra de máis de 10€ de calquera dos 207 socios da ABE, os nenos puideron facerse unha foto especial con Papa Noel e levala de agasallo xunto cunha bolsa de bombóns co logo de somos Boiro.



**Finalmente foron 400 fotos regaladas ás crianzas de Boiro.**



Nos negocios participantes, estiveron dispoñibles cartas para que a cativada escribira aos reis magos, debían depositalas no Buzón real situado na praza do concello. Entre todas as cartas recibidas sorteáronse 3 BONOS ABE ESPECIAL CUMPREANOS por un valor de 100€ para que as nenas gañadoras ou

nenos gañadores os destinen á súa festa de cumpreanos (tarta, agasallos, roupa, deportes, libros, etc). A nena gañadora foi Daniela (4 anos), e os nenos gañadores Leo (11 anos) e Marcos (9 anos).



Nas actividades de Nadal, regaláronse os Bombóns corazón #somosBoiro, que son, unha edición especial de Bombóns de chocolate ecolóxico que van serigrafados coa imaxe do xa emblemático corazón de #somosBoiro e que se presentan en bolsas de agasallo e utilizáronse para regalar aos clientes durante as actividades do nadal



Ademais os negocios participantes recibiron as visitas de Papa Noel ( 23 e 24 decembro) e paxe real (2, 3 e 4 de xaneiro) que lles entregou unha bolsa de bombóns co logo de somos Boiro, fixéronse unha foto no negocio e regalou piruletas á rapazada.



Como é tradicional, púxose en marcha a campaña REGALA BOIRO para animar a utilizar os BONOS ABE como aguinaldo de Nadal para as empresas e como tarxeta agasallo por parte do público en xeral.

Este nadal vendéronse máis de 3.000€ en bonos regalo para empresas e clientes particulares.



Como complemento á campaña, AGADEA (Asociación Galega de Axuda aos Enfermos con Demencia Tipo Alzheimer) regalou a cada comercio participante unhas fermosas manualidades elaboradas polas persoas usuarias nos seus talleres de laborterapia. Esta campaña ten como obxectivo colaborar na sensibilización sobre o alzheimer.



O acto de entrega de premios da campaña do nadal foi unha gran festa celebrada no salón de actos da ABE á que asistiron máis de 100 convidados.



Entre eles o Director Xeral de Comercio da Xunta de Galicia, Gabriel Alén, e os comercios onde se rexistraron os tickets gañadores, que foron os encargados de entregar os premios aos clientes.



---

CAMPAÑA DOA UN SORRISO  
\_ Decembro

---

Clínica Dental Rebeca Ozores, en colaboración coa Asociación Boirense de Empresas e con Cáritas Boiro e Cruz Vermella Boiro, volveron a promover a campaña de recollida de alimentos "DOA UN SORRISO" nos establecementos comerciais do noso concello.



Este ano a campaña centrouse especialmente na recollida de **LEITE E PRODUTOS DERIVADOS DOS LÁCTEOS (iogures, queixos...)**, pero sen excluír alimentos non perecedoiros, produtos de primeira necesidade, xoguetes, **PRODUTOS DE HIXIENE, LIMPEZA E MATERIAL ESCOLAR** e tivo un moi bo resultado ao recollese unha tonelada de material.

Para incentivar a participación, sorteáronse unha **noite para dúas persoas nas Cabanas Os Balcóns Ría de Arousa**, dous bonos da Clínica Dental Rebeca Ozores e dous bonos ABE de 50€ que recaeron en Ana Martínez e Diego Olivera.

# DESTACADOS DO ANO

---

**Actualizamos o catálogo de premios e batemos o récord de usuarios (4.029) e de compras rexistradas (33.820).**

**Fixemos unha campaña de concienciación sobre o consumo local cos centros educativos na que participaron máis de 2.000 alumnos.**

**Fomos a primeira patronal en ser admitida no mapa de emprendemento da Xunta de Galicia.**

**Fomos pioneiros ao cambiar de denominación cara unha máis inclusiva ASOCIACIÓN BOIRENSE DE EMPRESAS**

**Foi o ano en que máis premios e de maior importe entregáronse aos clientes na historia da ABE**

**Batemos todos os récords de participación en campañas a través do rexistro de tickets de compra na aplicación da web.**

**Obtivemos, por terceira vez, un galardón nos Premios Nacionais de Comercio do Goberno de España. Accésit que nos coloca como a segunda mellor asociación de toda España**

**Organizamos a campaña de promoción comercial con máis orzamento da historia da entidade con preto de 25.000€ invertidos**

# DATOS

CIRCULARES INFORMATIVAS  
ENVIADAS

**239**

NOTAS DE PRENSA

**108**

APARICIÓN EN MEDIOS DE  
COMUNICACIÓN

**326**

BONOS ABE VENDIDOS

**3.275 €**

PREMIOS DE CAMPAÑAS  
(EN BONOS ABE)

**10.100 €**

PREMIOS DE CAMPAÑAS  
(AGASALLOS)

**1.045**

CLIENTES PREMIADOS

**610**

ASESORAMENTOS REALIZADOS

**270**

EXPEDIENTES TRAMITADOS

**47**

SUBVENCIONES CONCEDIDAS


**44**

IMPORTE DAS AXUDAS  
CONCEDIDAS

**295.000 €**

INVERSIÓN TOTAL NAS  
EMPRESAS

**383.500 €**



## MÁIS PROMOS PARA CLIENTES

**400** CHOCOLATES CON CHURROS

**436** PREMIOS DE RULETA

**5.000** BOLSAS DE ALGODÓN

**400** FOTOS CON PAPA NOEL

**3.000** BOMBÓN SOMOS BOIRO

**2.000** PIRULETAS SOMOS BOIRO

**MILES** DE ENTRADAS PARA INCHABLES E ANIMACIÓN INFANTIL

# EMPRESAS ASOCIADAS

## COMERCIO

A PANOLETA  
ABC BOIRO  
ALUZZINE  
AUTORECAMBIOS BARBANZA  
BALDANI CONCEPT STORE  
BARBANZ HAIR  
BARCALA ELECTRODOMÉSTICOS  
BICO DE XEADO  
BIOTERMIC COMERCIAL Y SERVICIOS  
BOIRESA E HIJOS  
BOIRO TENDA  
CALZADOS MARLÚ  
CALZADOS SASHA  
CARLA MADRID - CAKES & MACARONS  
CARNICERÍA BOGA  
CENOR - ELECTRODOMÉSTICOS OTERO  
CETÁREA ANGEL MAR  
CLIC PUBLICIDADE  
COAXIAL  
COMERCIAL DUARTE  
COSMOS TENDAS MULTIPREZOS  
CRISEL HOGAR  
CRISTAGAL  
DAVISAN BOIRO  
DEMARKEL DECORACIÓN  
DEPORTES BRINÇOS [ATMÓSFERA SPORT]  
DEPORTES SR. BALÓN  
DEQUIP [DEPORTES HERMIDA]  
DIANE ONLOOKER  
DOCE OPTICOS  
DROLIM  
ESPAAO LECTOR NOBEL BOIRO  
ESPIÑEIRA CENTRO DE JARDINERÍA

ESTACIÓN DE SERV GARLOU  
EURONICS CAAMAÑO  
FACTORY SHOP BY JEALFER  
FARMACIA CIMADEVILA  
FARMACIA ORTOPEdia TORRENTE  
FERDOBA  
FERRETERÍA M. CASAIS  
FERRETERÍA TUCHO  
FOOT ON MARS  
FRUTAS REYJOSA  
GASTROLAB AROUSA  
HERBORISTERÍA FIUNCHO  
HIPERMARKET HAOMAI  
HISPANIA SEGURIDAD  
IMÁN MODA  
INFORMATICA VIÑAS  
INSTALACIONES FONTAMI  
JEALSA FACTORY SHOP  
JELOAL  
JOIERÍA TEIXEIRA  
JUGUETERÍAS TATINO  
JULIETABEBES  
LA BARBERÍA DE SEVEN  
LA DOCE  
LABRALIA  
LB EQUIPO ESTÉTICO  
LIBRERÍA EL CISNE  
LISVAZ  
LOLITA MODA  
MADERAS VALENTÍN  
MARXE ARTES GRÁFICAS  
MASCOLOR  
MERCAFRUTAS BOIRO  
MERCERÍA LOREMA

MERENAUTO [VOLVO CARS A CORUÑA]  
MI FRUTERÍA  
MICROGALIA  
MODA TIN  
MUEBLE INFANTIL  
MUEBLES MUNIZ  
MULTISERVICIOS Nº 13  
NATISAN  
OPTICA TÁBORA  
PACO 'S MODA  
PANADERÍA LA ESPIGA  
PANADERÍA M. OURILLE  
PAQUETERÍA ESPERANZA  
PAQUETERÍA JOSEFINA  
PEPPO MODA  
PESADO BARBANZA  
POWER MUSIC  
PRINCESAS Y PRÍNCIPES  
QUALITY IMPRESIÓN  
RECAMBIOS TRIÑANES  
RULES  
SARGADELOS BARBANZA  
SUPER ABIERTO  
SUPERMERC. CLAUDIO - A TENDA DE PEPA  
SUPERMERC. MERCAMÁS CABO DE CRUZ  
TALLERES JOSÉ SUÁREZ  
TELCA DISTRIBUIDOR OFICIAL DE R  
THE DESIRE SHOP  
TIENDAS PILLADOS  
VEXOTE CENTRO ÓPTICO  
VODAFONE  
ZAPATERÍA CELIA  
ZAPATERÍA DESCALCIÑOS

## PRAZA DE ABASTOS

BORDADOS LA ABUELA  
CARNICERÍA CARLOS  
CARNICERÍA MONCHO BOGA

CARNICERÍA O JALO  
CONGELADOS DIGNA  
MERCERÍA LOLECHA

SECRETO GALLEGO  
ULTRAMARINOS MARITÉ

## SERVIZOS

A FIESTRA FOTOGRAFÍA  
ACADEMIA ARCA  
A.P.D. ECONOMISTAS Y ABOGADOS  
ARESTORA CONSULTORES  
ASOCIACIÓN AMICOS  
AUTOESCOLA MARTIÑO  
AUTOS R. OUTEIRAL  
BIA GALICIA  
BIVES TOUR  
BOIROTRAVEL  
CASTRO AVOGADAS  
CHARLATANA S.COOP.GALEGA  
CLINICA DEL PIE OSCAR MAYÁN  
CLINICA DENTAL PÉREZ GARCÍA  
CLINICA VIONTA  
CLUB NÁUTICO BOIRO

CONCERTI  
COREGAL  
DE BO DENTE  
DENTAL OZORES  
DÍXOME ASESORÍA EN TELECOMUNICACIÓNS  
ESTUDIO DE PINTURA PAOLA GARCIA PAZ  
EXPERTIA ASESORÍA INMOBIL.Y FINANCIERA  
GLS BOIRO  
GRÁFICAS GARABAL  
HERMO DENTAL  
INGENIERÍA TRAZOS  
INMOBILIARIA O CRUCEIRO  
INMOBILIARIA MIRABEN  
KRACIA  
LOGÍSTICA SUEIRO TRANS S.L.  
MOAI INTERIORISMO

TAXI DA RÍA  
PABLO CHOUZA FOTOGRAFÍA E AUDIOVIS.  
PATRICIA GONZALEZ ABOGADA  
RECTIFICADOS BARBANZA  
REGUEIRA VAZQUEZ ASESORES  
RESGALSA  
RUBÉN COUÑAGO FINANCIAL ADVISOR  
SEGUROS GARCIA SÁNCHEZ  
STELLA VICENTE - BCO MEDIOLANUM  
STUDIO A4  
TAXI 5 BOIRO  
TINTORERÍA A CAMELIA  
TRIANGULO DE AMOR BIZARRO  
TRIWUS  
XESTIÓ BOIRO ASESORES

## HOSTALERÍA

A POUADA DA GALIZA IMAXINARIA  
A TERRAZA DO FURANCHO  
ABADÍA DE SAÑ ENRIQUE  
ALDEA OS MUIÑOS  
BAR A TABERNA [CAMPING BARRAÑA]  
BELTANE NEOTABERNA  
CAFÉ BAR CASTELAO  
CAFÉ LITERARIO ÁGORA  
CAFETERÍA YORK  
CASA DA POSTA DE VALMAIOR

CERVECERÍA BOTAVARA  
CERVECERÍA GILLIGAM 'S - LAGARTO  
FARMASSIA BAR  
GINLAB  
HOSPEDAJE-RESTAURANTE LOS TRILLIZOS  
LA ATLÁNTICA CAFÉ-BAR  
MIRAMAR  
MOANIN  
OS FORNOS

PIZZERIA ADRIA  
PUB GAVÁ  
PUB TSUNAMI  
RESTAURANTE A DE FURIA  
RESTAURANTE - ASADOR ARUME  
RESTAURANTE ALBORADA  
RESTAURANTE BAHÍA  
RESTAURANTE CHICOLINO  
UTTAP 3.CATORCE

## CONSTRUCCIÓN E DERIVADOS

ALFONSO LAÍÑO  
ATELIER MOBILIARIO  
BARBANZA VERTICAL  
CONSTRUCCIONES LOJO SIEIRA  
CONSTRUCCIONES NIETO LOJO  
CONSTRUCCIONES NOSA

ESPAÑA Y FERNÁNDEZ  
FERRALLA CALO 'S  
FRIBOIRO  
FUENTES ESPERANTE EMPRESA CONSTR.  
HORMIGONES DE BOIRO  
J. F. BANOS

MARMOLERÍA GARCÍA  
PRADAIRO MOBLES  
REFORMAS TINTE  
TALLERES GARCIA ESPAÑA  
TECNIFON

## INDUSTRIA

ASOC. PROD. MEXILLOEIROS DE CABO (ASMECRUZ)  
BICEUROPE  
CONSERVAS RIANXEIRA

EGALSA  
GRUPO J.J. CHICOLINO  
QUERCUS

RÍO BLANCO  
TECNOLOGÍA MAHERFE

## NAVAL


ASTELEIROS TRIÑANES DOMINGUEZ

ASTILLEROS MANUEL SÁNCHEZ TORRADO

Escanea para consultar  
o listado de empresas  
asociadas actualizado



## Distribución por sectores



# EMPRESAS PROTECTORAS

---

As empresas asociadas protectoras da ABE son negocios que quixeron dar un paso adiante no apoio á patronal Boirense e que como contraprestación aparecen en todos os soportes publicitarios, campañas e actos que desenvolve a asociación.



**GARCÍA SÁNCHEZ**

**GRUPO JJCHICOLINO**



Rotegal



**JEALSA**

# WEB, FIDELIZACIÓN E REDES

	FACEBOOK	INSTAGRAM
Siareiros	3.271	1.691
Visualizacións	173.200	186.400
Alcance	57.900	33.600
Visitas ao perfil	12.900	4.102
Clic nos enlaces	1.444	675

	YOUTUBE
Subscritores	34
Vídeos	60
Visualizacións	17.939

	LINKEDIN
Siareiros	596

	BOLETÍN DE NOVAS
Subscritores	432

	WEB
Visitas	65.000
Usuarios activos	25.000
Páxina mais visitada	Formulario de puntos

	SISTEMA DE FIDELIZACIÓN
Usuarios	4.029
Rexistros	33.820
Premios	371

## FITOS 1.988 – 2.024

---

<b>1988</b>	Fundación.
<b>1991</b>	Primeira Xunta Directiva.
<b>1996</b>	Dolmen de Ouro á Rúa da Moida de Boiro.
<b>1998</b>	Creación Asociación Hostalería.
<b>2000</b>	Edición do primeiro número da revista Entre Nós.
<b>2002</b>	1ª gala do Asociacionismo.
<b>2005</b>	Creación do Centro Comercial Aberto.
<b>2006</b>	1ª edición de Boiroferta.
<b>2009</b>	1º foro empresarial coa presenza dunha ministra.
<b>2010</b>	Inauguración sede actual.
<b>2011</b>	1º curso oficial da xunta para desempregados.
<b>2012</b>	Primeiro Pecha Kucha Boiro.
<b>2015</b>	Mención especial Premios Nacionais de Comercio.
<b>2019</b>	1ª entidade empresarial de España en acadar o selo Cultura e Mecenazgo.
<b>2019</b>	Accésit Premios Nacionais de Comercio.
<b>2022</b>	Entramos a formar parte do Rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais.
<b>2023</b>	1ª entidade empresarial de España admitida no pacto pola “Xeración Dixital”
<b>2023</b>	1ª entidade empresarial en ser admitida na Alianza Galega polo Clima.
<b>2023</b>	Accésit Premios Nacionais de Comercio.
<b>2024</b>	Cambio de denominación ASOCIACIÓN BOIRENSE DE EMPRESAS

# RETOS 2025

---

Continuar coa estratexia de crecemento co obxectivo de posicionar á ABE como a mellor organización empresarial de España.

Fomentar o espírito de unión entre as empresas asociadas e o orgullo de pertenza á asociación.

Seguir traballando a prol da concienciación sobre os beneficios do consumo local entre os clientes e veciños da zona de influencia da asociación.

Potenciar a web e o sistema de fidelización e seguir apostando por estratexias de dixitalización da entidade.

Continuar a senda de crecemento en número de empresas asociadas para aumentar a representatividade do colectivo.

Ser máis influentes nas decisións que toman as diferentes administracións públicas respecto dos intereses das empresas asociadas.

Potenciar a igualdade efectiva entre homes e mulleres no ámbito empresarial e nos actos e actividades que realicemos.

Incidir en accións que atraian visitantes e clientes e redunden de maneira directa na facturación das empresas asociadas.

Captar a maior cantidade posible de fondos provintes de liñas de axudas públicas para as empresas asociadas.

Traballar a prol da atracción de negocios para a localidade que complementen a oferta existente e contribúan ao crecemento económico de Boiro.

Aumentar os ingresos correntes da entidade para reducir a dependencia de fondos provintes de subvencións públicas.

**Ser cada vez máis útiles para as empresas asociadas**



**ABE** Asociación  
Boirense de  
Empresas

**#somosboiro**

Avenida Constitución, 85 Entr. A – 15.930 Boiro - A Coruña

981 847 888 – 602 484 123

info@abe.gal

[www.abe.gal](http://www.abe.gal)



**ABE** Asociación  
Boirense de  
Empresas